

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para acceder ás Ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 4 de xuño de 2020, DOG 17 de xuño.

Materia: Lingua galega e literatura

Grao	Superior	
Data	6 de xullo de 2020	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

INSTRUCCIÓN

Formato

A proba está composta por 14 preguntas distribuídas da seguinte forma.

- Primeiro bloque: tres cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: unha cuestión de expresión escrita.
- Terceiro bloque: dez cuestións tipo test. Cumprirá elixir unha única resposta correcta para cada pregunta e sinalala na táboa de solucións ás preguntas.

Puntuación

- 1 punto por cada pregunta referida ao texto.
- 2 puntos polo exercicio de redacción.
- 0,50 puntos por cada pregunta tipo test (descontaranse 0,25 puntos por cada resposta errada).

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos.

Execución

As respostas ás catro primeiras cuestións realizaranse nos espazos dispostos para o efecto. As resposta á quinta cuestión (tipo test) deberán trasladarse ás cuadrículas da derradeira páxina.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.



Texto:

Roma. Visita á cidade

Para visitarmos Roma é conveniente quitarmos o reloxo. Ao estar a maior parte dos edificios construídos hai case 2.000 anos, **cómpre** botarlle un pouco de imaxinación para observarmos a **suntuosidade** de Roma naqueles tempos.

Este capítulo intenta explicar os edificios máis **salientables** da Antigua Roma. Ata hai pouco, os restos dunha das civilizacións máis importantes da nosa historia mantivéronse no **esquecemento**. Nunha área relativamente pequena concéntrase todo o saber e a cultura dun pobo que soubo, desde os inicios, descubrir outros lugares para enriquecer os seus coñecementos. Os primeiros restos de vida humana atopados nesta zona remontan á Idade de Pedra. A súa posición xeográfica é clave: por aquí pasaban todas as rutas terrestres e fluviais da península. Roma foi, xa que logo, á vez un porto e unha ponte nas rutas comerciais. Os sete **outeiros**, de orixe volcánica e suavizados polo paso do tempo, construíron unha fronteira natural, dando a posibilidade de que nacesse unha cidade por volta do ano 700 a.C. Segundo conta a lenda, naquel momento había unha cidade neste mesmo sitio, cuxo rei era Tarquinio, de orixe etrusca. Desde entón, a urbe foi medrando e ampliando as súas fronteiras ata formar un imperio, a partir do cal Roma foi universalmente recoñecida como a Cidade Eterna.

Silvia del Pozo e María Prior. Guía Viva. Roma.

- 1. **Resume o texto en catro ou cinco liñas de xeito que queden claramente reflectidos os aspectos principais que nel se tratan:**



- **2. Explique o significado que as seguintes expresións adquiren no texto, en relación co tema deste:**
 - *Para visitarmos Roma é conveniente quitarmos o reloxo:*

 - *Roma foi, xa que logo, á vez un porto e unha ponte nas rutas comerciais:*

- **3. Defina brevemente o significado dos seguintes termos que aparecen no texto marcados en negra (lembre que se lle pide dar definicións, non só sinónimos).**
 - *cómpre:*

 - *suntuosidade:*

 - *salientables:*

 - *esquecemento*

 - *outeiro*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Parte da proba acceso: substitutiva do requisito de titulación: bacharelato

- 4. **Este texto sobre Roma está extraído dunha guía de viaxe. Elabore un texto similar sobre un lugar que vostede coñeza. Lembre que pode mencionar aspectos relacionados coa súa historia, a súa cultura, o seu clima, a súa gastronomía... (aproximadamente 15 liñas).**



• 5. Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina desta proba:

1. Na estrutura "a urbe foi medrando e ampliando as súas fronteiras ata formar un imperio", a secuencia "a urbe foi medrando e ampliando" cumpre a función de:
 - a) Suxeito.
 - b) Causa.
 - c) Nesta estrutura, esa secuencia non cumpre función ningunha.
2. Na secuencia "Para visitarmos Roma é conveniente quitarmos o reloxo" hai...
 - a) Algún verbo en subxuntivo.
 - b) Algún verbo en xerundio.
 - c) Algún verbo en infinitivo.
3. Ao final do texto, "Cidade Eterna" aparece en maiúsculas...
 - a) Para salientar a súa importancia.
 - b) Porque é unha cita textual.
 - c) Porque nese contexto equivale a un nome propio.
4. As palabras "construídos" e "cómpre" (líña 2) levan acento gráfico no texto:
 - a) "Construídos" por grave rematada en "s". "Cómpre" por grave rematada en vogal.
 - b) "Construídos" para indicar que hai ditongo. "Cómpre" porque é do verbo "comprar".
 - c) "Construídos" para indicar que hai hiato. "Cómpre" leva acento diacrítico.
5. En "foi universalmente recoñecida", a forma verbal "foi" está en:
 - a) Pretérito perfecto (ou pretérito) de indicativo.
 - b) Pretérito imperfecto (ou copretérito) de indicativo.
 - c) Pretérito pluscuamperfecto (ou antepretérito) de subxuntivo.
6. Na cuarta liña do texto hai un erro; identifíqueo:
 - a) En lugar de "este" debería poñer "iste".
 - b) En lugar de "antigua" debería poñer "antiga".
 - c) A palabra "da" debería levar acento gráfico ("dá").
7. Tendo en conta os tres bloques dialectais do galego, o "seseo" é característico do:
 - a) Bloque oriental.
 - b) Bloque occidental.
 - c) Bloque sur.



8. As "cantigas de amor" son:

- a) Composicións medievais nas que a voz narrativa é a dunha muller que fala do seu namorado.
- b) Composicións medievais nas que a voz narrativa é a dun home que fala coa súa namorada.
- c) Composicións medievais dedicadas ao amor do poeta cara á Virxe María.

9. Indique a secuencia cronolóxica correcta:

- a) Martín Codax - Séculos escuros - Rexurdimento - Grupo Nós - Normativa ortográfica vixente.
- b) Séculos escuros - Martín Codax - Rexurdimento - Normativa ortográfica vixente - Grupo Nós.
- c) Martín Codax - Séculos escuros - Normativa ortográfica vixente - Rexurdimento - Grupo Nós.

10. A rama da lingüística que estuda a flexión, a composición e a derivación das palabras, así como a expresión das categorías gramaticais, é a:

- a) Morfoloxía.
- b) Semántica.
- c) Sintaxe.



TÁBOA DE SOLUCIÓNS DA CUESTIÓN Nº 5 (TEST)			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para acceder ás Ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 4 de xuño de 2020, DOG 17 de xuño.

Materia: Lingua galega e literatura. Solucións

TÁBOA DE SOLUCIÓNS DA CUESTIÓN Nº 5 (TEST)			
Nº	A	B	C
1			C
2			C
3			C
4			C
5	A		
6		B	
7		B	
8		B	
9	A		
10	A		